

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 30 DE XUÑO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se nomea delegada da Xunta en Uruguai a María Elvira Domínguez Alonso.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Mugardos dun treito antigo da actual AC-133, situado na súa marxe esquerda, desde o pq 9+710 ao pq 9+840, aproximadamente, xunto co seu dominio público viario asociado.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: senda na AC-524 (concello de Frades) no concello de Frades (A Coruña).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Tui para a posta á disposición dos terreos e execución da rehabilitación do cárcere vello no marco do plan de Recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATION EU, por importe total de catrocentos oitenta e catro mil euros (484.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do proceso de revisión, mellora e actualización do marco legislativo en materia de Administración local de Galicia,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cun orzamento total de cincuenta mil euros (50.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a transferencia de fondos a Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo en virtude do acordo de prórroga do convenio entre a cooperación descentralizada e a Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, por importe total de cincuenta mil euros (50.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) para a posta en marcha dun Proxecto de Análise Bibliométrica no Sistema Universitario de Galicia (SUG) e a elaboración do Plan director do CISUG, por un importe total de setecentos nove mil novecentos noventa euros con cincuenta e nove céntimos (709.990,59 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da primeira addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade da Coruña (UDC) para impulsar accións no Campus Industrial de Ferrol (CIF) como campus de especialización acreditado do Sistema universitario de Galicia (SUG), por un importe total dun millón cincocentos dezasete mil euros (1.517.000,00€).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a subscribir, segundo o artigo 69 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o proxecto do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a a Federación Galega de Comercio para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de setecentos vinte e cinco mil novecentos vinte euros (725.920,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a subscribir, segundo o artigo 69 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o proxecto do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación Laboral da Construción para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no Marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de seiscentos vinte e catro mil setecentos sesenta e oito euros (624.768,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a subscribir, segundo o artigo 69 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, unha addenda do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a asociación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no Marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de seiscentos setenta e cinco mil trescentos oitenta e un euros (675.381,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o décimo sétimo acordo de prórroga ao concerto asinado o 20 de abril de 2001, publicado pola Orde do 18 de xuño de 2001, suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1/07/2022 ao 30/06/2023, por importe total de tres millóns setecentos setenta mil cincocentos vinte e catro euros con cincuenta e oito céntimos (3.770.524,58 €).
- Acordo polo que se autoriza o décimo sexto acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, suscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1/07/2022 ao 30/06/2023, por importe de setenta e cinco mil douscentos dezaioito euros con vinte e dous céntimos (75.218,22 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o décimo sexto acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, suscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1/07/2022 ao 30/06/2023, por un importe de novecentos vinte e tres mil oitocentos oitenta e tres euros con sesenta céntimos (923.883,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de catro equipos de Radioloxía Vascular Intervencionista e catro equipos de Neurovascular Intervencionista para hospitais do Servizo Galego de Saúde derivada do Acordo Marco AM 2021/101, respectuoso co ambiente, do Ministerio de Sanidade, financiada pola Unión Europea a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia-Next Generation EU, instrumento financeiro do investimento c18.i1. Plan de investimento en equipamentos de alta tecnoloxía do SNS, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España, por importe de oito millóns catrocentos catorce mil seiscientos cincuenta e nove euros con corenta e catro céntimos (8.414.659,44 €) IVE incluído, e un valor estimado de seis millóns novecentos cincuenta e catro mil douscentos sesenta e catro euros (6.954.264,00 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gastos de carácter plurianual, así como a concesión de anticipos en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, derivados da orde reguladora da convocatoria de subvención en réxime de concorrencia competitiva, que incorpora fondos procedentes do tramo autonómico de asignación tributaria do 0,7 % do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan o seu labor no eido da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de dous millóns corenta mil euros (2.040.000,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Juansoñador, para o desenvolvemento do programa socioeducativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias no ano 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Importe: cento cincuenta e sete mil novecentos doce euros con noventa e catro céntimos (157.912,94 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a convocatoria de subvencións para investimentos en equipamentos post COVID dos establecementos hostaleiros financiadas ao 100 % no marco do eixe React-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a implantación da aplicación móbil da Xunta de Galicia - Xunta EU.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre o foro de proxectos culturais e os fondos europeos en Galicia 2022.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a formación regrada e continua impartida polas unidades dependentes da Consellería do Medio Rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA NOMEA DELEGADA DA XUNTA DE GALICIA EN URUGUAI A ELVIRA DOMÍNGUEZ ALONSO

O Consello da Xunta acordou nomear a Elvira Domínguez Alonso como nova delegada da Xunta de Galicia no Uruguai. Elvira Domínguez, filla de emigrantes galegos, é licenciada en Administración e conta cunha extensa experiencia no sector público do país americano como profesional e directiva.

Obtivo o título de contadora pública, licenciada en Administración, e conta cun máster en Dirección de Empresas de Saúde da Escola de Negocios de Montevideo e outro en Dirección e Xestión dos Sistemas de Seguridade Social e Saúde da Universidade de Alcalá de Madrid. Así mesmo, traballou como docente na Universidade da Empresa de Montevideo e na Facultade de Enxeñaría da Universidade da República. Autora de publicacións e expositora en seminarios e conferencias nas materias da súa especialidade, foi directora representante das empresas no Banco de Previsión Social durante tres períodos completos de mandato (2006, 2011 e 2016), mediante elección directa dos empresarios. Elvira Domínguez conta cun amplo coñecemento sobre a emigración galega. Ademais de ser filla de emigrantes galegos en Montevideo, participou na directiva de entidades galegas neste país. Así, en 2017 convertíase na primeira presidenta da Asociación de Empresarios Gallegos del Uruguai.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MUGARDOS DO TREITO ANTIGO DA ACTUAL ESTRADA AUTONÓMICA AC-133 NA FONTE GRANDE

- Transfírese un treito de 136 metros de lonxitude do treito antigo da marxe esquerda desta vía autonómica, xunto co seu dominio público viario asociado, de 2.445 m²
- A configuración actual da estrada é o resultado da mellora de trazado executada pola Xunta en 2017
- A entidade local terá competencia para actuar neste treito e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Mugardos do treito antigo da actual estrada autonómica AC-133, na Fonte Grande, xunto co seu dominio público viario asociado.

A través deste decreto transfírese a titularidade dos 136 metros de lonxitude do treito antigo da marxe esquerda desta vía autonómica, desde o punto quilométrico 9+710 ao 9+840, xunto co seu dominio público viario asociado.

A superficie do dominio público viario asociado ao tramo antigo é de 2.445 m². A maioría desta superficie confórmaa a franxa de terreo que separa o tronco antigo co tronco actual da AC-133, resultado da mellora do trazado da estrada executada pola Xunta no ano 2017.

A transferencia a prol do Concello de Mugardos tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tramo obxecto de transferencia:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA AC-524 NO CONCELLO DE FRADES, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE PRETO DE 245.000 €

- Desenvolverase un itinerario de 770 metros de lonxitude pola marxe esquerda da vía, que conectará o núcleo rural de Pibideira cos núcleos do Pazo e Sobre dos Campos, dando así continuidade á senda existente na travesía de Abellá
- Trátase de fomentar a mobilidade sustentable nesa contorna, con vivendas situadas nas marxes da vía, e de favorecer os desprazamentos a pé dos veciños, mellorando a seguridade dos usuarios máis vulnerables da estrada
- A previsión é convocar o levantamento de actas previas no segundo semestre do ano e licitar, a continuación, as obras, que contan cun prazo de execución de 4 meses

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar unha senda peonil na estrada autonómica AC-524, no Concello de Frades.

Esta actuación de fomento da mobilidade sustentable e de mellora da seguridade viaria suporá un investimento da Xunta de preto de 245.000 euros, incluíndo o pagamento da expropiación do predio afectado.

Habilitarase un itinerario peonil pola marxe esquerda da estrada AC-524 de 770 metros de lonxitude, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 7+820 e 8+590, que permita a conexión entre el núcleo rural de Pibideira e os núcleos do Pazo e Sobre dos Campos, conectando coa senda existente na travesía de Abellá.

A sección tipo neste treito da estrada constará de dous carrís de 3,50 metros, beirarrúa de 1,40 metros, unha senda de 2,50 metros en cor terrosa e gabia transitábel de 1,20 metros.

Nesta intervención, as obras de pavimentación terán en conta os accesos a propiedades privadas, que serán en formigón coloreado con mallazo e de cor terra natural, empregándose nas zonas de cruzamento con outras vías pavimento táctil de cor e textura diferente, indicador de advertencia ou proximidade. Nos pasos de peóns colocarase pavimento táctil direccional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras incluirán a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición daqueles servizos afectados pola intervención, incluíndose a recolocación dos sinais verticais e colocación de captafaros. Tamén se prevé a preinstalación da iluminación pública.

Con estas actuacións, a Xunta dá resposta a unha actuación demandada polo Concello, que busca fomentar a mobilidade sustentable nesa contorna, con vivendas situadas nas marxes da estrada, para favorecer os desprazamentos a pé, alternativos ao uso do vehículo particular, e mellorar a seguridade viaria dos peóns, os usuarios máis vulnerables da estrada.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé convocar o levantamento de actas previas no segundo semestre de 2022 e licitar, a continuación, as obras, que contan cun prazo de execución de 4 meses.

O Goberno galego continúa traballando na dotación de sendas nas estradas autonómicas para favorecer os desprazamentos dos cidadáns a pé ou en bicicleta dun xeito máis cómodo e seguro co fin de fomentar a mobilidade sustentable.

Plano da zona de actuación:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de planta da actuación:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE TUI NA REHABILITACIÓN DO CÁRCERE VELLO COMO CENTRO DE ACOLLIDA A VISITANTES E PEREGRINOS

- A creación deste centro contribúe á posta en valor dos recursos patrimoniais e culturais de Tui, especialmente os relacionados coa cultura xacobeá e o Camiño Portugués, que entra en Galicia por Tui, e que pasa por diante deste inmoble
- As obras acondicionarán un inmoble propiedade do Concello de Tui, situado no seu conxunto histórico, declarado BIC desde 1967

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Tui para a posta á disposición dos terreos e execución da rehabilitación do cárcere vello no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea.

As obras, que contan cun orzamento de 484.000 euros, IVA incluído, acondicionarán un inmoble propiedade do concello de Tui, situado no seu conxunto histórico, declarado BIC desde 1967, para a creación dun centro de acollida a visitantes e peregrinos que contribúa á posta en valor dos recursos patrimoniais e culturais de Tui. Especialmente, os relacionados coa cultura xacobeá e o Camiño Portugués, que entra en Galicia por Tui, e que pasa por diante deste inmoble.

O proxecto para o acondicionamento deste inmoble recolle a adaptación do edificio a esta nova funcionalidade e as condicións de accesibilidade, ademais da montaxe expositiva das diversas salas que integrarán este centro Cárcere Vello de acollida a visitantes e peregrinos.

Dos 12 proxectos de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico de uso turístico nos Camiños de Santiago que se acollen no Plan Xacobeo Next Generation aprobados, atópase a rehabilitación sustentable do edificio do vello cárcere de Tui a dotación ecoeficiente do centro de interpretación, museografía dixital e promoción e márketing turístico.

Plan Xacobeo Next Generation

No marco dos fondos europeos, a Xunta de Galicia formula o Plan Xacobeo Next Generation, que ten entre os seus obxectivos a conservación dos bens de interese

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cultural, apostando pola execución de proxectos que permitan potenciar o seu uso turístico.

O Plan Xacobeo Next Generation suporá un investimento total en Galicia de 47,3 millóns de euros, dos cales 27,4M son para bens de interese cultural, 10M para accións de cohesión en Destino, e 9,8M para os plans de sustentabilidade turística en destino promovidos por entidades locais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A ACTUALIZACIÓN E MELLORA DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN LOCAL A TRAVÉS DUN CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que a Vicepresidencia Segunda financiará con 50.000 euros a realización dos traballos precisos para a modernización do marco lexislativo local de Galicia
- Contarase coa experiencia da Red Localis, un foro de reflexión sobre o municipalismo único en España

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Universidade de Vigo (UVigo) para o proceso de revisión, mellora e actualización do marco lexislativo en materia de administración local de Galicia. Ao abeiro da iniciativa, a Xunta financiará con 50.000 euros a realización dos traballos precisos para impulsar unha nova norma do réxime das entidades locais galegas.

A colaboración coa Universidade de Vigo permitirá contar coa experiencia investigadora e de transferencia de coñecemento da Red Localis, un foro único en España para a reflexión do municipalismo e da súa xestión, que potencia o debate público sobre o mundo local e formula propostas de solución ás problemáticas detectadas. Red Localis é unha liña de investigación do Grupo de Referencia Competitiva do Sistema Universitario de Galicia integrado por persoas expertas no eido local GEN (Governance and Economic Research Network).

Segundo o proxecto de acordo aprobado, ademais de colaborar no financiamento, a Vicepresidencia Segunda dirixirá e supervisará os traballos desenvolvidos pola Universidade de Vigo, á cal lle subministrará toda a información dispoñible. Pola súa banda, a UVigo, coordinará as actividades que deberá realizar o equipo multidisciplinar e os apoios externos puntuais que considere precisos.

O obxectivo común é mellorar o marco regulatorio da Administración local galega para facilitar a modernización das normas e un mellor desenvolvemento do mundo local, así como adecuar a normativa aos cambios producidos no tempo transcorrido desde a aprobación da vixente Lei de Administración local de Galicia. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderase ata o 30 de novembro de 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este convenio dá continuidade á colaboración entre a Xunta e a Universidade de Vigo en materia de administración local. Así, o pasado abril aprobouse outro acordo entre ambas as institucións, dotado con 60.000 euros, para crear unha cátedra institucional de bo goberno local. Trátase dunha ferramenta de mellora da xestión pública local na nosa comunidade e o obxectivo común é poñer en marcha un espazo de reflexión e debate sobre propostas de mellora no ámbito local.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA AECID E A COOPERACIÓN DESCENTRALIZADA PARA A ACTUACIÓN CONXUNTA E COORDINADA EN MATERIA DE ACCIÓN HUMANITARIA

- O Goberno galego achegará 50.000 euros ao fondo humanitario común coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento
- O convenio, que foi asinado no 2018, enmarcase nos obxectivos do IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento ao promover a participación activa en iniciativas da Cooperación Española
- Con esta achega dáse continuidade á colaboración establecida no 2018 entre a AECID e a cooperación descentralizada, e prorrogada ata novembro deste ano para a execución de actuacións e proxectos en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana

O Consello da Xunta aprobou hoxe a transferencia de fondos á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) no marco do convenio para o desenvolvemento da actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria. O Goberno galego destinará 50.000 euros para dar continuidade á colaboración establecida entre a AECID e a cooperación descentralizada en 2018 e que se prorrogou varias veces ata a actual vixente ata novembro de 2022.

Esta prórroga permitirá a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humano, regulando a colaboración das partes en materia de acción humanitaria.

No ano 2015 xa se asinara por parte de Galicia, A Rioja, Castilla La Mancha, Islas Baleares, Extremadura e Madrid o primeiro convenio para a programación conxunta da Acción Humanitaria, ao que se lle deu continuidade en 2018 cun novo acordo para a coordinación da acción humanitaria entre Galicia, Asturias, Cantabria, A Rioxá, Murcia, Comunidade Valenciana, Aragón, Canarias, Baleares, Comunidade de Madrid, Castela León e a FEMP, ao cal se adheriu posteriormente a Comunidade Autónoma de Extremadura. O dito convenio é o que se prorrogou este ano, ao igual que sucedera en 2019, 2020 e 2021.

No convenio estipúlase que AECID debe achegar 1,5 millón de euros e cada comunidade autónoma un mínimo de 50.000 euros para a posta en marcha de intervencións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

humanitarias fundamentadas nos principios humanitarios de independencia, humanidade, neutralidade e imparcialidade.

O IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento establece como resultado de xestión a participación activa nos espazos e iniciativas de cooperación da Cooperación Española, que inclúe o fondo humanitario común coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional (AECID) obxecto deste acordo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 710.000€ PARA DOTAR AS UNIVERSIDADES GALEGAS DUN PROGRAMA DE ANÁLISE BIBLIOMÉTRICA QUE IMPULSE A PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

- Trátase da primeira iniciativa destas características na nosa Comunidade, que desenvolverá o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia
- Tamén se financiará a elaboración dun plan director para planificar, xestionar e dar visibilidade á actividade desta entidade

A Xunta de Galicia investirá 710.000 € para dotar as universidades galegas dun programa de análise bibliométrica que impulse a produción científica. Trátase da primeira iniciativa destas características na nosa comunidade, e será o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) o encargado de desenvolvela.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e o CISUG para a posta en marcha desta ferramenta de bibliometría, que inclúe tamén unha partida para a elaboración do plan director desta entidade.

O obxectivo deste documento é contar cunha folla de ruta para definir as grandes liñas de planificación e xestión do Consorcio, que recolla aspectos básicos de actuación, interacción ou cooperación entre as tres universidades para alcanzar obxectivos que lles son comúns, co obxectivo final de fomentar a calidade e excelencia no Sistema universitario de Galicia. Así mesmo, daralle visibilidade ás súas potencialidades como instrumento *ad hoc* para canalizar as políticas colaborativas das tres universidades.

Avaliación da produción científica

A bibliometría, como ciencia que mide a actividade investigadora e pode predicir a súa tendencia, debe ser visible dentro das universidades, co obxecto de que se poida informar sobre a avaliación e perspectiva baseada na produción científica dun contorno específico.

O Proxecto de Análise Bibliométrica do CISUG ten por obxectivo coordinar, impulsar e normalizar a produción científica do Sistema universitario de Galicia e a súa evolución, ofrecendo unha visión de conxunto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para iso, contrataranse licenzas de bases de datos de análise bibliométrica como Scival e Incites. Así mesmo, crearase un grupo de traballo para levar a cabo tarefas de asesoramento especializado, contraste e validación dos informes resultado do desenvolvemento do proxecto.

Por outra banda, contarase co apoio técnico da spin-off da Universidade de Granada, Ec3metrics, S.L., que é, na actualidade, altamente especializada na elaboración de informes bibliométricos e referente na avaliación da ciencia e da comunicación científica en España.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A 3,3M€ O INVESTIMENTO PARA ESPECIALIZAR O CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- O Consello da Xunta aproba a addenda ao convenio de dotación orzamentaria para este campus, cunha achega de máis de 1,5M€ para o ano 2023
- O programa de especialización do campus ferrolán é único a nivel nacional e o primeiro acreditado de Galicia
- As accións estratéxicas céntranse na investigación, transferencia e internacionalización
- Impulsarase a colaboración, no ámbito da docencia e da investigación, con outras universidades estranxeiras

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a Universidade da Coruña (UDC) para impulsar accións no Campus Industrial de Ferrol como campus de especialización acreditado do Sistema Universitario de Galicia (SUG). O convenio dotado inicialmente de 1,8M€ amplíase agora con 1,5M€ máis, polo que o investimento do Goberno galego no desenvolvemento deste programa de especialización, único a nivel nacional e o primeiro acreditado de Galicia, elévase a 3.326.100€.

En concreto, a achega para a anualidade do ano 2023 ascende a 1.517.000€, que se destinarán ás accións previstas no convenio, arredor da investigación, a transferencia, a internacionalización e a gobernanza, entre outras.

Iniciado no 2015, o Campus Industrial de Ferrol ten un enfoque estratéxico ligado ao sector naval, oceánico e industrial, reestruturando a oferta docente e impulsando a creación de polos de referencia en I+D+i. Desde a súa posta en marcha e ata o 2020 o investimento da Xunta de Galicia para o desenvolvemento de accións ligadas á acreditación do Campus Industrial de Ferrol foi de 2,85M€. Obtivo a acreditación de especialización en marzo de 2021, o que lle permite, entre outros efectos, potenciar as súas estruturas de investigación e estreitar as relacións coas empresas da contorna, o que repercutirá no desenvolvemento da cidade.

Para posibilitalo, a Xunta aprobou en 2021 un convenio dotado con 1,8M€. Foi o primeiro investimento no Campus Industrial de Ferrol ligado directamente á súa acreditación como campus especializado, que se amplía agora con 1,5M€ máis para 2023 ao abeiro

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desta addenda. As accións deste novo convenio van encamiñadas a consolidar unha maior especialización no Campus Industrial, centrándoo en dous focos principais: naval e oceánico e o sector industrial, núcleos centralizadores sobre os que se articulan as demais áreas de especialización do campus.

Investigación e transferencia

Na área de investigación, impulsarase a captación e retención de talento investigador, co obxectivo de contratar persoal investigador posdoutoral con proxección e ampla traxectoria internacional e predoutoral con mención internacional. Ademais, desenvolverase un programa de doutoramento industrial que facilite a conexión co tecido produtivo e potenciarase a presentación de candidaturas a proxectos europeos, entre outras accións.

No referido á transferencia de coñecemento, reforzarase a unidade de relación industrial do campus e organizaranse misións tecnolóxicas directas e inversas con empresas e institucións para dar a coñecer as capacidades e posibilidades de colaboración en materia de I+D. Así mesmo, apoiarase a transferencia e comercialización das patentes, rexistros software ou modelos de utilidade que se desenvolvan no campus.

Internacionalización

Coa finalidade de dar unha maior visibilidade nacional e internacional ao Campus Industrial de Ferrol apoiaranse accións como o reforzo e incremento dos títulos compartidos con outras universidades, a potenciación dos títulos bilingües, a mobilidade e internacionalización da docencia mediante prácticas en empresas internacionalizadas e a colaboración con institucións universitarias estranxeiras.

Así mesmo, impulsarase a colaboración e afondarase na relación con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiros, identificando as liñas de traballo que permitan desenvolver proxectos de investigación en conxunto.

Formación e gobernanza

No que atinxe á oferta académica, darase continuidade ao plan de formación continua en industria intelixente, con seminarios e actividades en relación aos sectores industriais estratéxicos e impulsarase a captación de estudantes a nivel nacional.

Por outra banda, favorecerase unha gobernanza profesional, participativa e conectada coa sociedade, a través da contratación de técnicos de coordinación, administrativo, de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comunicación e difusión, de apoio ao I+D e de apoio en sistemas informáticos e de indicadores que colaboren nesta xestión.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA ASINARÁ NOVOS ACORDOS COS SECTORES PRODUTIVOS PARA FINANCIAR A FORMACIÓN DE MÁIS DE 15.500 PERSOAS E DAR RESPOTA Á DEMANDA DE EMPREGO

- Explica que a Xunta formalizará novos convenios de colaboración coa Fundación Laboral da Construción, a Federación Galega de Comercio, o Clúster Bioga e unha addenda ao acordo xa firmado con Ceaga por importe de 2,3 M€
- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade xa asinou o pasado maio e no mesmo senso outros cinco convenios de colaboración: con TIC Galicia, Aclunaga, Ceaga, Asime e Cluergal para cualificar a 10.377 persoas ocupadas e desempregadas
- Investiranse en global máis de 5,7 M€ a través destes acordos en que participan nove entidades, o que permitirá a realización de máis de 500 cursos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe tras a reunión do Consello da Xunta de novos convenios de colaboración coa Fundación Laboral da Construción, a Federación Galega de Comercio, o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia (Bioga) e a Federación Galega de Redeiras Artesás; e unha addenda con Ceaga (clúster da automoción) para formar a persoas traballadoras ocupadas ou sen emprego, co obxectivo de impartir cualificación axustada á demanda laboral e dar resposta, deste xeito, ás necesidades de persoal que precisa o mercado de traballo impulsando, así, a competitividade.

“É preciso axustar a formación dos traballadores á demanda de emprego que hai na actualidade”, explicou, ao tempo que sinalou que a Xunta destinará a esta actuación 2.287.469 euros, o que permitirá cualificar a 5.054 persoas ocupadas e sen emprego a través da impartición de 307 cursos. A addenda co clúster da automoción, con Ceaga, responde ao incremento do número do alumnado aos cursos que se están impartindo debido á boa acollida da iniciativa. Por iso, auméntase agora o importe asinado inicialmente con Ceaga no mes de maio.

Esta iniciativa que agora autoriza o Consello da Xunta súmase aos convenios de colaboración, xa en execución, que o pasado mes de maio asinou a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade cos clústers TIC Galicia, de tecnoloxías e comunicación; Aclunaga, do sector naval; Ceaga, da automoción; Asime, do eido do metal e tecnoloxías asociadas; e Cluergal, representante do ámbito das enerxías renovables. A través desta actuación invístense 3,5 millóns de euros para formar a 10.377 persoas a través de 249 accións formativas que deseñaron cada un dos clústers.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En global, o Goberno galego está a destinar máis de 5,7M€ de euros á sinatura destes acordos nos que participan nove entidades, o que permitirá a formación dunhas 15.500 persoas a través de máis de 500 cursos.

A formación para o emprego que se imparta terá carácter non formal, polo que deberá estar relacionada co Catálogo nacional de cualificacións profesionais co fin de que poida ser acreditada para a posterior obtención dun certificado de profesionalidade. Esta actuación redundará, polo tanto, na mellora das persoas traballadoras ocupadas e sen emprego ao incrementar as súas oportunidades laborais; e do tecido produtivo, xa que a formación será axustada ás súas necesidades. Contribúese, así, ao desenvolvemento profesional das persoas traballadoras e ao aumento da innovación e produtividade das empresas.

“Estes cursos enmárcase dentro do Plan galego de formación para o emprego no que a Xunta inviste este ano 100 millóns de euros”, dixo, recordando que hoxe mesmo remata o prazo de solicitude para optar á impartición de cursos para persoas desempregadas (AFD). Só nesta actuación, a Xunta dedica preto de 50 millóns de euros, un 12 % máis que o pasado ano.

Axenda Galega de Capacidades

A formación para o emprego axustada ás necesidades do tecido produtivo é unha prioridade para a Xunta de Galicia enmarcada na Axenda Galega de Capacidades, concibida como estratexia global de modernización do servizo público de emprego que permitirá avanzar a Galicia na senda do crecemento.

A Axenda convértese neste senso nunha ferramenta clave na comunidade para aumentar a produtividade das empresas e ofrecer novas oportunidades laborais á cidadanía. Para acadalo a Xunta promoveu a xuntanza de mesas de traballo focalizadas en sectores estratéxicos para analizar as necesidades do mercado e axustar a cualificación das persoas traballadoras ás mesmas. Tamén no marco da Axenda, estanse a renovar as dependencias das oficinas de emprego, deseñar un software baseado en intelixencia artificial que permitirá un emparellamento eficaz da oferta e a demanda de emprego e se está afondar na mellora do servizo de orientación, entre outras medidas.

Así mesmo, o Estudo de tecnoloxías emerxentes para a transformación do emprego, realizado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, busca poder elaborar unha proposta das cualificacións profesionais que serán necesarias para facer fronte aos empregos do futuro e tratar de prever, deste xeito, os futuros requirimentos formativos que serán demandados desde o mercado laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 4,7 MILLÓNS DE EUROS PARA A COLABORACIÓN ENTRE O SERGAS E AS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS

- A renovación dos concertos vense realizando periodicamente desde a súa sinatura no ano 2001
- Permite a utilización das institucións sanitarias para obxectivos docentes, asistenciais e de investigación

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. A renovación desta colaboración coas tres universidades públicas galegas permite a utilización das institucións sanitarias para obxectivos docentes, asistenciais e de investigación.

Esta colaboración –iniciada no 2001– conta cun orzamento global que ascende a 4.769.626 euros para un período dun ano: o segundo semestre de 2022 e o primeiro semestre de 2023.

Esta achega representa un dobre compromiso por parte da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Por unha banda, cos seus profesionais para que compatibilicen a actividade asistencial coa actividade docente e investigadora. Pola outra, representa o compromiso co alumnado ao poñer á disposición do sistema universitario galego todos os seus recursos.

Os orzamento dos concertos está destinado a financiar todo o custo de persoal derivado da dispoñibilidade para a docencia pregraduada, posgraduada e continuada dos profesionais. Tamén o cumprimento dos acordos e obxectivos específicos adquiridos coa colaboración como a formación dos alumnos de ciencias da saúde para conseguir os mellores profesionais do futuro e o mantemento da cualificación dos profesionais ao seu máis alto nivel. Así como traballar para que as ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, os concertos potencian a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das universidades coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 8,4 M€ NA ADQUISICIÓN DE 8 EQUIPOS DE RADIOLOXÍA VASCULAR E NEUROVASCULAR PARA OS HOSPITAIS DO SERGAS

- “Esta tecnoloxía chegará por primeira vez ás áreas de Lugo , Ferrol e Ourense, o que evitará que pacientes teñan que desprazarse a outros hospitais para estas probas ou tratamentos”, indica
- Ademais, no caso do HULA e do CHUO, di que o Goberno galego está a destinar máis de 3,6 M€ do orzamento autonómico para realizar as obras necesarias que permitan incorporar a tecnoloxía do expediente aprobado hoxe

O titular do Goberno galego informou durante a rolda de prensa do consello da Xunta de Galicia da adquisición de catro equipos de radioloxía vascular intervencionista e catro equipos de neurovascular intervencionista que terán como destino os hospitais da rede sanitaria pública galega e nos que se vai investir 8,4 millóns de euros.

O Goberno galego continúa así coa súa aposta por reforzar o equipamento dos centros sanitarios, na procura de acadar unha optimización dos servizos asistenciais da comunidade, e así garantir unha axeitada cobertura sanitaria ao conxunto da poboación galega. No tocante aos catro equipamentos de radioloxía vascular intervencionista, repartiranse entre as áreas sanitarias da Coruña e Cee; Vigo; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; e Ferrol. Os equipamentos de radioloxía neurovascular intervencionista van para as áreas sanitarias de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; A Coruña e Cee e Santiago e Barbanza.

“Deste modo, esta tecnoloxía chegará por primeira vez ás áreas de Lugo, Ferrol e Ourense, o que evitará que pacientes teñan que desprazarse a outros hospitais para estas probas ou tratamentos”, abundou, mentres que os cinco equipamentos restantes servirán para renovar e modernizar o equipamento existente.

Os novos sistemas de radioloxía vascular e neurovascular permiten realizar unha ampla gama de procedementos, mellorando os tempos e os resultados. A radioloxía vascular intervencionista cobre as técnicas diagnósticas e tratamentos minimamente invasivos guiados por imaxe. Coa axuda dunha guía cun diámetro de só 1-2 milímetros introdúcense catéteres nos vasos sanguíneos ou outros condutos para guialos ata a localización da enfermidade e así poder tratala.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra parte, a neurorradioloxía intervencionista (NRI) é unha área de dedicación especial recoñecida pola Sociedade Española de Neurorradioloxía, orientada ao tratamento de enfermidades do sistema nervioso central, medula espinal, columna vertebral e rexión da cabeza e pescozo. É unha especialidade médica para o tratamento minimamente invasivo, guiado por raios X, de lesións na cabeza, pescozo e a medula. Consiste na realización de intervencións neurolóxicas sen necesidade de cirurxía aberta.

Equipamento Plan INVEAT

Ademais, Rueda lembrou que este ano os orzamentos da Xunta incorporan 61,3 millóns para renovar e ampliar o equipamento de diagnóstico por imaxe en toda Galicia. Esta suma é resultado da proposta que presentou a Xunta ao Plan INVEAT, un instrumento creado polo Ministerio de Sanidade para canalizar os fondos Next Generation cara á renovación e ampliación dos equipamentos de diagnóstico por imaxe no Sistema nacional de Saúde. Galicia recibiu un 7,7 % dos fondos a repartir neste plan.

Con todo, a Xunta de Galicia decidiu complementar estes fondos europeos distribuídos polo Goberno central con fondos do orzamento autonómico para poder adquirir equipamentos dunha gama de calidade máis alta, como sucedeu na adquisición de TAC de tecnoloxía espectral ou resonancias magnéticas.

No caso concreto do contrato aprobado hoxe, aínda que os equipamentos se van adquirir por un importe dentro do rango do financiado polo ministerio, a súa incorporación nos hospitais de Lugo e Ourense requirirá de obras para a súa instalación, que correrán a cargo dos orzamentos autonómicos.

Así, o pasado 23 de xuño xa se publicou a licitación da obra de implantación da unidade de neurorradioloxía no Hospital Universitario Lucus Augusti por un importe de 700.000 euros. No caso do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, despois da aprobación este mesmo mes do anteproxecto de obra, está pendente de informes técnicos para proceder á súa licitación nas vindeiras semanas o contrato de proxecto de execución e obra de reforma da área de Radioloxía Vascular por un importe de 2,9 millóns de euros.

Deste xeito, dixo, a Xunta de Galicia está a destinar máis de 3,6 millóns de euros en obras nos hospitais de Lugo e Ourense para que podan incorporar a tecnoloxía que hoxe se aproba.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, o equipamento de radioloxía vascular de Ferrol instalarase nun espazo específico que se habilitará no soto do Arquitecto Marcide, no marco do Plan director do CHUF que conta na súa Fase I cun investimento de máis de 49 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS PARA PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS PARA ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O orzamento distribuirase entre os anos 2022 a 2025 e inclúen 394.225,50 euros procedentes do tramo autonómico da asignación tributaria do 0,7 % do IRPF para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos adictivos
- Entre as novidades desta nova convocatoria, destaca para facilitar o traballo das entidades beneficiarias a concesión dun anticipo do 100 % dos importes das anualidades correspondentes, que serán xustificadas ao rematar cada período
- Na anterior edición desta convocatoria beneficiáronse das axudas un total de 18 entidades sen ánimo de lucro

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria 2022-2025 de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro. A contía das subvencións concedidas por Sanidade ascende a 2.040.000 euros e supón un incremento do 2 % respecto da anterior convocatoria. Inclúen, ademais 394.225,50 euros procedentes do tramo autonómico da asignación tributaria do 0,7 % do IRPF para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos adictivos.

A Consellería de Sanidade introduciu unha serie de cambios nesta nova convocatoria de axudas para actualizala e melloralala respecto a anterior. Entre as máis significativas, para facilitar o traballo das entidades beneficiarias, realizarase un anticipo do 100 % dos importes das anualidades correspondentes, que serán xustificadas ao rematar cada período. Ademais, inclúese a obriga de xustificar os gastos da actividade realizada mediante informe de auditoría externa a entidades que reciban unha subvención de máis de 150.000 €.

As actividades desenvolvidas no marco destas subvencións permitirán potenciar a protección e redución do impacto de factores de risco asociados ao consumo de substancias psicoactivas. Tamén van promocionar estilos de vida saudables e de ocupación de tempo libre entre a mocidade galega; ademais de fomentar a función de axentes de saúde das familias e doutros colectivos implicados na prevención, como docentes e asociacións. Estas actividades buscan, así mesmo, reducir a incidencia de problemas sociosanitarios relacionados co uso e o abuso de substancias psicoactivas e con certas adicións comportamentais, entre outros obxectivos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na anterior edición desta convocatoria beneficiáronse das axudas un total de 18 entidades sen ánimo de lucro.

A planificación estratéxica vixente en Galicia en materia de trastornos adictivos segue as prioridades e liñas de actuación definidas tanto pola Estratexia nacional sobre drogas como pola Estratexia da Unión Europea en materia de loita contra a droga. Neste sentido, a Consellería de Sanidade constituíu no pasado mes de abril os grupos de traballo que procederán a elaborar o Plan de trastornos adictivos de Galicia 2023-2026. Estes grupos están integrados tanto por persoal da Xunta de Galicia con responsabilidades na xestión de servizos vinculados directa ou indirectamente coas condutas adictivas, como profesionais técnicos de concellos e entidades sociais que traballan no campo das adiccións, da prevención, da asistencia e a incorporación social.

Esta convocatoria de subvencións enmárcase dentro do conxunto de actividades que se desenvolven no marco da planificación estratéxica sobre prevención de condutas adictivas, que inclúe tanto actuacións preventivas como de redución de riscos e diminución de danos, así como medidas lexislativas e de vixilancia da normativa vixente en materia de condutas adictivas.

Estas subvencións permiten manter unha estreita colaboración en materia de promoción de estilos de vida saudables entre a Xunta de Galicia e as entidades privadas sen ánimo de lucro financiados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA A SÚA AXUDA DE 158.000 EUROS Á FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL DE MENORES TUTELADOS

Sumada a achega da entidade, o orzamento total do novo convenio alcanza os 180.000 euros, o que permitirá manter a ampliación de nenas e nenos beneficiados ata preto de 500

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Juan Soñador por valor de 180.000 euros para dar continuidade ao programa de atención integral de menores en situación de risco, desamparo ou exclusión social que están tutelados pola Administración autonómica. O documento consolida o incremento do 40 % aplicado hai dous anos a achega da Xunta, manténdose este ano nos 158.000 euros.

Esta colaboración permitirá a esta entidade contar no exercicio 2022 cun orzamento total de preto de 180.000 euros, un 15 % máis ca en 2019, para dar continuidade a esta iniciativa. A consolidación deste aumento orzamentario permitirá tamén manter a ampliación do número de rapazas e rapaces que forman parte desta iniciativa, que hoxe ascenden a preto 500.

O programa actúa en catro campos: a atención escolar, para o apoio educativo destes menores; o desenvolvemento persoal e social dos menores, a través de titorías e obradoiros centrados na educación emocional; a dinamización do ocio e o tempo libre, co que se realizan actividades lúdicas e culturais de cara a un crecemento saudable, e a atención familiar, mediante o acompañamento a estas no proceso de acollemento.

Favorecer o desenvolvemento dos menores

O obxectivo deste convenio é seguir traballando, a través da colaboración con Juan Soñador, por favorecer o desenvolvemento dos menores en situación de desprotección e por mellorar a súa calidade de vida, tanto se se atopan nun centro de protección ou en acollemento familiar, unha figura que en Galicia é prioritaria á hora de atender os menores que están en risco ou desamparo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia e a Fundación Juan Soñador comezaron no ano 2015 este programa de apoio social, educativo e de ocio a menores tutelados. Desde entón duplicouse o número de nenas, nenos e adolescentes atendidos, ao pasar dos 227 beneficiarios nese primeiro ano aos 500 que se prevén acadar en 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE E DA CALIDADE DOS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS DOTADA CON ARREDOR DE 3 MILLÓNS DE EUROS

- Esta liña de axudas foi posta en marcha o ano pasado no marco do conxunto de medidas impulsadas pola Xunta para apoiar ao tecido empresarial galego fronte ás circunstancias derivadas da pandemia
- As solicitudes concedidas na convocatoria anterior foron 464 por un importe de preto de 6 millóns de euros
- Nesta nova orde de axudas quedan excluídas as empresas que xa foron beneficiarias desta subvención o ano pasado e as vivendas de uso turístico
- As axudas están destinadas a subvencionar actuacións que incrementan a seguridade nos locais. “Son cambios que chegaron para quedarse”, indicou o presidente da Xunta

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, deu a coñecer hoxe o acordo do Consello da Xunta para a posta en marcha dunha nova liña de axudas para a mellora da competitividade e da calidade dos establecementos hostaleiros dotada con arredor de 3 millóns de euros.

A nova convocatoria, que se publicará o 1 de xullo no *Diario Oficial de Galicia*, conta cun orzamento de 3 millóns de euros, financiados ao 100 % no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. O importe máximo de subvención será do 90 % do investimento solicitado, cun máximo de 50.000 euros por beneficiario.

As axudas están destinadas a subvencionar actuacións que incrementan a seguridade nos locais e que son un elemento que diferencia e dá valor aos establecementos hostaleiros. “Son cambios que chegaron para quedarse”, indicou o presidente da Xunta. Están destinadas a subvencionar actuacións como sistemas domóticos, control de distancias, optimización de procesos, portas e consignas automáticas, controis de acceso, renovación de aire, sistemas de climatización e softwares de control asociados, así como sistemas de check-in automáticos.

Tamén serán subvencionables a carteleira, rotulación, sinalización e actuacións vinculadas coa mesma, equipamentos como medidores de CO₂, ionizadores, dispensadores; así como reformas orientadas á creación de espazos que suxiran maior amplitude, e novos equipamento de hixienizado e lavado, entre outros. Con esta medida, a Xunta quere seguir contribuíndo á modernización e mellora da competitividade dos establecementos hostaleiros mediante a adquisición de novo equipamento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destas axudas as microempresas, pequenas e medianas empresas do sector da hostalaría que teñan o seu domicilio social ou un centro de traballo en Galicia, conforme estableza a normativa turística no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

Para os efectos destas axudas considéranse dentro do sector da hostalaría os hoteis, hostais, casas rurais, albergues turísticos e outros tipos de aloxamentos, ademais de restaurantes, bares e outros establecementos de restauración, recollidos nos capítulos IV e V da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

Nesta nova orde de axudas quedan excluídas as empresas que xa foron beneficiarias desta subvención na convocatoria anterior e as vivendas de uso turístico reguladas no Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia. "O obxectivo é chegar ao maior número posible de empresas", indicou o presidente da Xunta.

Antecedentes

Esta liña de axudas foi posta en marcha o ano pasado no marco do conxunto de medidas impulsadas pola Xunta de Galicia para apoiar o tecido empresarial galego fronte ás circunstancias derivadas da pandemia.

As solicitudes concedidas na convocatoria anterior foron 464 por un importe de preto de 6 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA A APLICACIÓN QUE CONCENTRARÁ O ACCESO AOS SERVIZOS DA ADMINISTRACIÓN DESDE DISPOSITIVOS MÓBILES

- A “Xunta no móbil” é un dos proxectos da estratexia Galicia Dixital 2030 e do Plan de administración e goberno dixital 2025 para facilitar e estender o uso dos servizos dixitais
- A aplicación concentrará os servizos da Administración electrónica da Xunta, aos que se accederá dun xeito doado, inmediato, personalizado e adaptado as características dos dispositivos móbiles
- A Xunta mantén aberta unha consulta cidadá para recoller desde o portal autonómico as ideas e opinións da cidadanía no desenvolvemento da aplicación

“Xunta EU” será a aplicación móbil que concentrará todos os servizos da administración dixital dun xeito doado, inmediato, personalizado e adaptado ás características dos dispositivos móbiles. Segundo o informe remitido hoxe ao Consello da Goberno galego a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, encargada da creación desta nova canle dixital que primará a accesibilidade e a facilidade de uso.

A nova aplicación incluírá, entre outros aspectos, a xestión dos datos persoais da Carpeta Cidadá, a consulta de expedientes na sede electrónica, a consulta das entradas realizadas no rexistro, a consulta de apoderamentos, a recepción das notificacións electrónicas ou o acceso a copias electrónicas auténticas. A aplicación permitirá tamén asinar de xeito electrónico documentos administrativos desde os dispositivos móbiles e acceder ás diferentes tarxetas da Xunta. Os servizos que ofrecerá Xunta EU serán privados. De modo que se requirirá a identificación verificada do usuario mediante o uso de Chave365 ou eDNI.

Entre os servizos que está previsto que estean incluídos na aplicación atópanse o acceso as tarxetas acreditativas, como o carné xove ou a de familia numerosa, así como a obtención dos diferentes certificados oficiais. Tamén poderá consultar as prestacións e axudas que o usuario estea recibindo ou recibise no pasado.

A cidadanía poderá tamén xestionar desde teléfonos ou tabletas as citas coas oficinas de atención a cidadanía e rexistro, e recibirá todo tipo de avisos como o que advirte da proximidade da caducidade da Chave 365.

A través do teléfono, as persoas usuarias poderán tamén subscribirse a informacións da Xunta en función dos seus intereses, así como trasladar todo tipo de queixas e suxestións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A “Xunta no móbil” é un dos obxectivos da Estratexia Galicia Dixital 2030 e estará incluído no III Plan de administración e goberno dixital 2025 que será aprobado proximamente polo Consello de Goberno.

Baixo a epígrafe “Eu participo”, a sede electrónica da Xunta de Galicia mantén aberta unha consulta cidadá para recibir as achegas da cidadanía para o desenvolvemento da aplicación para dispositivos móbiles que concentrará os principais servizos da Administración dixital.

As persoas que participen nesta consulta poderán valorar a importancia dunha serie de servizos para a súa inclusión na aplicación, e poderán tamén suxerir outras funcionalidades para a nova ferramenta.

A previsión é contar cunha primeira versión da aplicación este ano que incorporará servizos transversais como o mecanismo de reforzo da identificación dixital, avisos personalizados, a carteira dixital cos certificados ou carnés da Xunta, citas activas, acceso á carpeta cidadá e Chave 365, así como a verificación de documentos asinados e recepción de campañas.

Nunha segunda fase prevista para o 2023 engadiranse progresivamente as restantes funcionalidades previstas: consulta de expedientes na sede electrónica, entradas no rexistro, acceso a copias electrónicas auténticas, recepción de notificacións electrónicas, consultas de apoderamentos, queixas e suxestións ou subscricións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA OFICIALIZARÁ EN XULLO A PETICIÓN AO GOBERNO CENTRAL DUN PERTE CULTURAL QUE RECOÑEZA O PESO DO SECTOR NA ECONOMÍA

- O Consello da Xunta informa sobre a vintena de propostas para optar aos fondos europeos que se van enviar a Madrid: "A cultura non pode quedar á marxe da grande oportunidade que supoñen os fondos europeos", di o titular do Goberno galego
- No seu conxunto contan cun orzamento próximo aos 400M€, cifras que constatan a necesidade de que a cultura conte con ferramentas de apoio europeas específicas para acompañar a transformación dixital e internacionalización da cultura galega
- O presidente da Xunta subliña a colaboración co sector nun proceso no que participaron máis de 120 entidades e institucións que realizaron 82 achegas que enriquecen proxectos xa elaborados e permiten crear outros novos
- Trátase iniciativas vinculadas coa dixitalización do patrimonio e da lingua galega, a recuperación das tradicións, a innovación nos museos, o reforzo das industrias culturais ou o fomento da oferta cultural no rural, entre outras

O presidente da Xunta, Afonso Rueda, avanzou hoxe, tras a reunión do Consello, que o Goberno galego vai remitir este mes de xullo ao Goberno central unha vintena de proxectos culturais solicitando un PERTE cultural que recoñeza a importancia deste sector na economía, un mecanismo ata agora inexistente en España e que Galicia considera "necesario" para acompañar a transformación dixital, reforzar a creación, produción e a internacionalización da cultura galega. De non ser posible, o titular do Executivo galego propuxo como "segunda opción" un PERTE descentralizado, tal e como asegurou que demandan outras comunidades autónomas.

Trátase de 19 propostas vinculadas co patrimonio, as artes escénicas, os museos, as industrias creativas, a música ou o audiovisual, que contan cun orzamento global próximo aos 400M €. O presidente da Xunta subliñou a colaboración co sector nun proceso participativo que o Goberno galego abriu este ano para que a cidadanía, sector, institucións e administracións públicas presentasen propostas culturais susceptibles a optar a fondos europeos. Participaron máis de 120 entidades e institucións que realizaron máis de 80 achegas.

Como resultado, a Xunta presentará oito proxectos deseñados polo Goberno autonómico que foron enriquecidas coas achegas do sector. Son *Cultura Emerxente*, para difundir o resultado dos procesos creativos dentro e fóra de Galicia, que incluírá un

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

amplo programa cultural centrado no folclore, *Cultura Circular*, para a dixitalización da cultura galega cunha plataforma en liña que reúna, preserve e investigue toda a documentación relativa ás artes escénicas de Galicia, *A nosa pegada*, para a mellora de bens singulares do patrimonio, cunha base de datos dixitalizada con todos os bens patrimoniais de Galicia e coa posta en marcha dunha plataforma hipertextual e multimedia para divulgar o patrimonio histórico-cultural.

Museo +, para potenciar a súa innovación; *Confíns dos verdes castros*, para a recuperación do patrimonio arqueolóxico, *Ribeira Sacra*, para reforzar a conservación na súa candidatura a Patrimonio Mundial, aos que se suman outros que xa arrincaron como o proxecto *Stellae 5.0*, en colaboración coa rede CRUSOE (Conferencia de Reitores das Universidades do Suroeste Europeo), para impulsar a transición dixital dos recursos patrimoniais dos Camiño de Santiago, e o *Proxecto Nós*, coas universidades galegas, para garantir a presenza da lingua nos novos desenvolvemento tecnolóxicos.

Recuperación de oficios

A eles súmanse 11 máis, que foron propostas directamente elaboradas polo sector. Trátase de *REDAR. Recuperación de oficios tradicionais e traballos artesanais*, que supón a creación dunha estratexia de documentación e innovación sobre as prácticas artesanais e oficios tradicionais, *Sons e ritmos & residencias artísticas*, coa posta en marcha dunha librería de sons e ritmos tradicionais galegos ou *Territorio Escena*, un proxecto para crear residencias comarcais para o fomento das artes escénicas no rural galego.

Ademais *Sensoxenómica: na vangarda da música e saúde*, inclúese no documento e consiste en estudar o impacto dos estímulos musicais en enfermidades como o alzhéimer, párkinson ou o dano cerebral co obxectivo de desenvolver un programa de intervención musical en centros sanitarios ou sociosanitarios. Tamén se propoñen os proxectos *Custodia rural*, para reconstruír casas reitorais e mosteiros para uso multifuncional con comunidades autoxestionadas; *Nodo galego do SNIC*, un espazo físico e virtual do Sistema nacional de intelixencia creativa de Galicia (SNIC) para mellorar a competitividade das industrias creativas; o *Proxecto Da capo: A música como motor de desenvolvemento*, a iniciativa de innovación e dixitalización da música.

Incorpóranse tamén ao documento *Antena ITH de oportunidades de financiamento e internacionalización*, coa creación dunha oficina que asesore sobre oportunidades de financiamento e acompañe ao sector cultural ou *Galicia Barroca*, o proxecto para a ampla difusión do barroco galego dun xeito completo e plenamente documentado. Finalmente, *Proxecto da literatura infantil e xuvenil*, para converter Galicia no centro de referencia internacional da literatura infantil e xuvenil en linguas iberoamericanas e para crear un laboratorio de literatura infantil e xuvenil; así como *(GAIVOTA) a lingua*

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galega: Inclusión e Vehículo de Transformación dixital iniciativas para seguir avanzando na dixitalización do galego.

Proceso participativo

No seu conxunto, é unha listaxe de proxectos froito do debate, diálogo e intercambio de ideas que recompilan as principais necesidades do sector cultural galego. Durante o proceso, que comezou a principios deste ano, presentáronse un total de 82 achegas por parte de 55 entidades, entre asociacións, universidades, museos, fundacións, editoriais e empresas privadas. De todos eles, a maior parte, un total de 71, foron propostas que serven para enriquecer, mellorar e completar as oito iniciativas xa esbozadas por parte da Xunta. Este proceso para a xestión dos fondos europeos no eido cultural comezou o pasado mes de febreiro, cunha primeira xornada informativa co sector.

Completoouse con xornadas participativas con oito grupos de traballo distribuídos en Audiovisual, Artes Escénicas, Libro, Música, Institucións culturais (bibliotecas, fundacións culturais, arquivos e museos), Artes Visuais, Patrimonio Cultural e Lingua que se reuniron nos últimos meses e de cuxo diálogo se elaborou este documento final.

A Xunta continúa así a súa folla de ruta para reclamar a posta en marcha de ferramentas como os Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE), que xa se están levando a cabo con fondos europeos noutros sectores, e que Galicia entende que deben chegar tamén á cultura para recoñecer así o seu peso na actividade económica do país.

O presidente da Xunta vén demandando dende hai tempo que “a cultura non pode quedar á marxe da grande oportunidade que supoñen os fondos europeos”. Alfonso Rueda amosouse esperanzado en que a candidatura teña unha boa acollida. “Será unha nova oportunidade para pedir ao Goberno a descentralización da xestión dos fondos e máis axilidade e concreción sobre os mesmos”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA OFERTARÁ 299 NOVAS PRAZAS NOS CICLOS DOS SEUS CENTROS AGROFORESTAIS PARA O CURSO 2022/23 E 429 CURSOS DE FORMACIÓN CONTINUA POTENCIANDO UNHA PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN

- Así o recolle o informe sobre o Plan estratéxico da formación agraria en Galicia que analizou o Consello da Xunta de Galicia
- A oferta supón consolidar os graos medios e superiores que se imparten nos centros de formación e experimentación agroforestal xestionados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria - dependente da Consellería do Medio Rural- aumentando case un 9,4 % as prazas novas
- Ao tempo, poténciase a formación continua e unha nova plataforma virtual para impartir cursos como os de benestar animal para o persoal das explotacións gandeiras e para a obtención do certificado de competencia para condutores e cuidadores, fomentando a interactividade co alumno

A Consellería do Medio Rural consolidará no vindeiro curso o seu Plan estratéxico da formación agraria en Galicia, co fin de facilitarlle ao sector agrario unha oferta formativa que impulse a súa sustentabilidade e competitividade. Nesa liña, no próximo curso 2022/23, a Xunta ofertará 299 novas prazas nos ciclos medios e superiores que se imparten nos centros de formación e experimentación agroforestal (CFEA), preto dun 9,4 % máis que o curso pasado (271 prazas). Tamén 429 cursos de formación continua, potenciando a nova plataforma de teleformación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria mediante a oferta de cursos semipresenciais. Destas 429 iniciativas impartidas entre todas as unidades dependentes da Consellería do Medio Rural, 210 serán desenvolvidas polos CFEA.

O obxectivo principal desta formación -continua e regrada- é mellorar a produtividade e xeración de valor engadido no rural. Para iso, búscase potenciar a remuda xeracional para consolidar un modelo produtivo sólido e sustentable do agro galego.

Formación regrada

A Consellería do Medio Rural conta con seis centros de formación agraria xestionados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, onde se consolidarán os seus distintos ciclos medios e superiores de carácter agroforestal no vindeiro curso 2022/23.

Así, no próximo curso elevaranse ata 15 as prazas no grao medio de Aproveitamento e conservación do medio natural do CFA Pedro Murias de Ribadeo, de modalidade FP dual

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e que se implantou como novidade o ano pasado, inaugurando deste xeito o Polo de formación forestal da Mariña, xa que esta iniciativa xa estaba implantada no IES San Rosendo, de Mondoñedo.

No que respecta ao CFEA de Guísamo, a suba traducirase en 125 prazas: 50 no grao medio de Xardinaría e floraría (réxime modular de adultos na modalidade semipresencial) e outras 75 no grao superior de Paisaxismo e medio rural (50 no réxime modular de persoas adultas semipresencial e outras 25 no réxime ordinario presencial).

Mentres, no CFA Lourizán haberá 20 prazas máis no grao medio en Aproveitamento e de conservación do medio natural e outras 20 no grao superior en Xestión forestal e do medio natural, ambas en réxime ordinario na modalidade presencial.

Canto ao CFA Becerreá, ofertaranse 20 prazas no grao medio en Aproveitamento e de conservación do medio natural e 22 no grao superior en Xestión forestal e do medio natural, tamén ambas en réxime ordinario e presencial.

Por último, no CFA de Sergude, ofertaranse 22 prazas no grao superior de Gandaría e asistencia en sanidade animal -o máis demandado e exclusivo deste centro- e outras 20 prazas no grao medio en Aproveitamento e conservación do medio natural, ambas en réxime ordinario presencial. Haberá 20 prazas máis no grao medio de Produción agropecuaria (tamén ordinario presencial) e 15 máis no grao medio en Produción agrocolóxica (réxime modular de persoas adultas na modalidade presencial).

Cómpre engadir que no CFA de Monforte de Lemos non se imparten ciclos formativos senón que está especializado en formatos en liña a través da plataforma de teleformación da Consellería con cursos habilitantes.

Botando a vista atrás, cabe destacar que -desde o curso 2016/17- un total de 2.361 alumnos recibiron formación regrada nalgún dos CFEA da Consellería do Medio Rural.

Formación continua

Actualmente atópase xa en execución a formación continua programada para este ano 2022 pola Consellería do Medio Rural, que ascende a 429 iniciativas. Así, recóllese a realización de accións formativas tanto exixibles como non exixibles, entendendo por formación exixible a que ten como obxectivo proporcionar os certificados, diplomas ou carnés habilitantes requiridos para poder exercer laboralmente unha profesión no sector agroforestal, para crear unha empresa agraria ou para acceder a algún tipo de axuda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesa liña, en formación exixible hai 88 cursos aprobados, que representan un 20,51 % do total da oferta formativa. Entre estes cursos atópanse os de formación en materia de benestar animal para o persoal das explotacións gandeiras e para a obtención do certificado de competencia para condutores/as e coidadores/as en materia de benestar animal, cos que neste exercicio se está a potenciar a plataforma de teleformación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria mediante cursos semipresenciais.

Así, o formato ofertado pretende conseguir a maior interactividade posible entre o alumno e os contidos dispostos na plataforma, mediante o emprego de vídeos explicativos, xogos, imaxes, infografías, esquemas ou tests de reforzo con diversos recursos que contribúan a interiorizar de xeito práctico, minimizando o esforzo a realizar polo estudante. Isto, sen dúbida, axudará á consecución dunha formación de calidade coa que se pretende atraer ao maior número de alumnos posible.

Canto ás iniciativas non exixibles, aprobáronse 341 cursos, atendendo en todo momento ás demandas do sector primario.

Respecto dos alumnos desde o ano 2016, un total de 40.790 persoas recibiron formación continua organizada pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, máis de 5.400 delas o ano pasado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA